



Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

AS HABILIDADES TÉCNICAS DOS CAMPESIÑOS DA RIBEIRA SACRA OURENSÁN.

FIDALGO SANTAMARIA, Xosé Antón

Ano: 1993 | Número: 103

Como citar este documento:

FIDALGO SANTAMARIA, Xosé Antón, As habilidades técnicas dos campestiños da Ribeira Sacra Ourensán. *Revista de Guimarães*, 103 Jan.-Dez. 1993, p. 143-174

Casa de Sarmiento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51
4800-432 Guimarães
E-mail: geral@csarmiento.uminho.pt
URL: www.csarmiento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>



casadesarmiento

centro de estudos do património

As habilidades técnicas dos campesiños da ribeira sacra ourensán

Xosé Antón Fidalgo Santamariña*

Revista de Guimarães, n.º 103, 1993, pp.143-174

I – DELIMITACION DO TEMA E OBXECTIVOS

Á hora de acometer calquera tipo de estudio sobre dos saberes e habilidades manuais detentadas polos habitantes do mundo rural, parece prudente empezar polas habilidades técnicas máis elementais, que son sin dúbida as que practican os experimentados “artesáns”. Isto por varias razóns: Porque se trata dun tipo de oficios manuais nos que se concentra unha esfera específica do saber distribuído por toda a sociedade rural, e tamén porque estes oficios e habilidades artesáns veñen a constituir un “sector” do saber global da poboación, no que aquelas persoas que o detentan asumen un papel económico e social semellante. No económico son persoas que aportan un complemento económico mais ou menos grande á unidade doméstica da que forman parte; e no social constitúen ese colectivo de cidadáns que se encarga de abastecer a comunidade dos medios de traballo (arados, grades, carros...) adaptados á práctica do modo de produción agropecuario da zona, e dos bens de consumo (vivendas, alpendres, mobeis...) durabeis que precisan estes campesiños. En terceiro lugar, estas habilidades artesáns só moi raramente foron estudadas como ‘conxunto’ integrado, o que fai mais suxerente a iniciativa. Pódese dicir que cando estas profesións foron obxecto de estudio polos etnógrafos, antropólogos, e os estudiosos da cultura popular, polo xeral son

* Universidade de Vigo: Campus de Ourense / Facultade de Humanidades: Area de Antropoloxía social / As Lagoas – 32004 Ourense – ESPAÑA

observados sobre todo nos seus aspectos tecnolóxicos deixando no olvido os demais aspectos sociais e simbólicos que tamén presentan. De aí que o propósito desta comunicación sexa o de ensaiar un achegamento diferente ó estudio das habilidades técnicas dos campesiños da Ribeira Sagrada ourensá, que sirva á vez para aplicar alí donde se pretenda estudar a pluriactividade campesiña. Tal perspectiva a presento nas dúas partes seguintes de que vai constala miña intervención neste Seminario, a saber:

1. Unha primeira parte na que se propoñen uns criterios que considero válidos e capaces de levar a cabo a difícil tarefa de identificala diferente división técnica e social do traballo, e do saber, que aparece entre os membros residentes dun espacio xeográfico calquera comarcal ou provincial.

2. Unha segunda parte na que se fai o estudio dun oficio artesán – o oficio de Afiador ambulante desenvolvido por un amplo colectivo de campesiños procedentes da Ribeira Sacra ourensá – tanto desde a vertente tecnolóxica como desde a sociocultural, e do sentido que se lle pode atribuír á actividade, o que precisará facer unhas observacións sobre: a) Do oficio en sí mesmo en tanto que habilidade técnica; b) Do oficio por relación ás persoas ás que serve o artesán detentador da habilidade; c) Do oficio en relación co sistema de cultura da sociedade de pertenza estes ambulantes ourensáns.

Penso que é a partir de enfoques desta natureza que se fai posible deixar de considerar ós afiadores como se se tratase dunha curiosidade técnica máis, e de estudialos como unha “cousa”, segundo a proposta de Durkheim dada para o estudio dos feitos sociais na primeira regra da súa obra *As Regras do Método Sociolóxico*¹, para pasar a estudalo, dándolle a volta á citada proposta para mellor seguila do seu sobriño M. Mauss, como se se tratara dun “feito social total”² pola capacidade que teñen de pór en xogo a totalidade da sociedade campesiña. Entendo, en todo caso, con Schlanger, que “o feito técnico é un feito social coma os outros, e debe ser estudado no

¹ DURKHEIM, E.: *Las Reglas de Método Sociológico*. Ed. Morata. Madrid, 1974. Páx. 43.

² Cfr. Mauss, M.: “Ensaio sobre los dones. Razón y forma del cambio en las sociedades primitivas”, em : MAUSS, M.: *Sociología y Antropología*. Ed. Taurus, Madrid. Páxs. 156/263. Páx. 258.

seu contexto”³, que neste caso se sitúa na confluencia da sociedade xeradora desta clase de oficios artesanais e da que demanda os servizos profesionais.

II – LOCALIZACIÓN DA RIBEIRA SACRA OURENSÁN

O desenvolvemento dunha tal empresa implica en principio estruturarse ben. Parece lóxico polo tanto interesarnos pola localización da zona rural na que se atopan depositadas as habilidades técnicas e sociais das que imos ocuparnos. Aínda non existe unha delimitación clara dos territorios comprendidos pola “Ribeira Sacra” – Rivoira Sacrata – galega en xeral nin da ourensá en específico. A nivel xeral, hoxe aplícase o nome de “Ribeira Sagrada” a un espazo xeográfico no que se relacionan territorios das provincias de Lugo e Ourense pertencentes a quince concellos das mesmas, e a cento cinco parroquias que abranguen máis dun milleiro de asentamentos locais. Trátase duns territorios baixos, de bocarribeira e de montaña que se artellan a un lado e outro das ribeiras dos ríos Sil e Miño, nos que aínda proliferan vellos mosteiros, asentados moitos deles, seguramente sobre máis antigos eremitorios dos primeiros séculos da era cristiá. Segundo se recolle nun recente estudo piloto sobre a mesma⁴, a Ribeira Sagrada comprende un espazo que abarca unha extensión de 94.638 Has., que representa o 48% do territorio dos 15 concellos con presenza na Ribeira. Dacordo co referido estudo este territorio aparece situado “entre os 42° 9' 40" e os 42° 27' 22" de latitude N e os 7° 8' 45" e os 7° 47' 48" de lonxitude W”⁵. Deste extenso ámbito rural, corresponde á Ribeira Sacra ourensá tal como queda indicado no mapa adxunto, un amplo espazo que transcorre desde as ribeiras do Miño ás portas de Ourense ata as terras de Montederramo e Castro Caldelas, do que forma parte os territorios dos

³ SCHLANGER, N.: "Le fait technique total. La raison pratique et les raisons de la pratique dans l'oeuvre de Marcel Mauss", en: *Terrain*, nº 16 (Mars 1991) 114-130. Páx. 122.

⁴ Se trata da investigación dirixida por Portela Fernández-Jardón, C.: *Estudio piloto previo e propostas de recuperación e rehabilitación da Ribeira Sacra*. Ed. da Consellería de Cultura e Xuventude: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia. Graficas Manero SA, impresor, 1992.


⁵ PORTELA (Dtor.): *Estudio piloto...*, o.c. Páx. 7.



casadesarmiento

centro de estudos do património

concellos de Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín, Esgos, Parada do Sil, Xunqueira de Espadañedo, Montederramo, A Teixeira e Castro Caldelas.



Sinificado Símbolos:

- 1 – Concello de Nogueira de Ramuín
- 2 – Concello de Pereiro de Aguiar
- 3 – Concello de Esgos
- 4 – Concello de Xunqueira de Espadañedo
- 5 – Concello de Parada do Sil
- 6 – Concello de Montederramo
- 7 – Concello de A Teixeira
- 8 – Concello de Castro Caldelas

* Area da Ribeira Sacra Ourense na que se levou a cabo a toma de datos.

III – CRITERIOS PARA UHNA IDENTIFICACION DA DIVISION TECNICA E SOCIAL SOCIAL DO TRABALLO E DO SABER, ENTRE OS CAMPESIÑOS DA RIBEIRA SACRA OURENSANA:

Plenamente mergullados coas características destes territorios, os campeciños da Ribeira sagrada ourensana siguen constituíndo un tipo de sociedade cunha modalidade de produción de tipo "paleotécnico", no sentido atribuído o termo por E. Wolf⁶, con un predominio do traballo humano e animal no que, a miúdo, dado o inclinado das terras adicadas a cultivo, impera o traballo á man co azadón sobre o arado arrastrado por animais de tiro ou pola forza de tracción mecánica dun pequeno tractor, cunha economía de subsistencia dominante e unhas interaccións entre os campeciños limitadas ás relacións de vecindade, parentesco, e relixiosas sempre cercanas. Nunha sociedade desta natureza tamén as tarefas habituais dos cidadáns orientadas á produción repártense, como é lóxico, dacordo cunha división sexual de traballo secularmente admitida que asigna ás mulleres uns labores e ós homes outros, e cunha división técnica de traballo na que aparecen implicados o desenvolvemento dos nomeados por Oliver de Sardan, "oficios da natureza" e os "oficios manuais"⁷.

Conseguilala identificación da forma como se distribúe o saber global entre os os campeciños desta zona rural ourensá, implica en principio a tarefa de delimitala división técnica do traballo constituída polos nomeados oficios da natureza, isto é as actividades ligadas á produción vexetal (agricultura) e animal (gandeiría), e tamén a pesca nos ríos Miño e Sil, que desenvolveron os homes e as mulleres locais dacordo coa forma admitida de división secular de traballo, e os "oficios manuais" que comprenden aquelas actividades artesanais desenvolvidas por expertos locais, que adquiriron a habilidade por aprendizaxe ou experiencia profesional e que consisten segundo a expresión de Zarca, "nun conxunto de saberes técnicos e de habilidades adquiridos tradicionalmente por aprendizaxe e experiencia profesional que lles permite producir un obxecto ou unha gama de

⁶ Cfr. Wolf, E.: *Los campesinos*. Ed. Labor, Barcelona, 1975. Páx. 32-50.

⁷ OLIVER DE SARDAN, J.-P.: "Metiers Manuels: division du travail et classifications sociales", en: *Systèmes de signes* (textes réunis en homage a Germaine Dieterlen). Paris, Herman, 1978. Pág. 394. Entendemos aquí por "oficios da natureza", conforme à definición que dou deles Oliver de Sardan, "as actividades ligadas á produción animal e vexetal: Agricultura, gandeiría, caza e pesca, que esixen unha colaboración e unha loita entre a natureza e os homes" (Oliver de..., o. c. pág. 394). Os oficios manuais, como o dí a mesma palabra, son aqueles que se desenrolan sobre todo coas mans.

obxectos e prestar un servizo específico”⁸, ou si utilizamos a expresión de V. Risco, nuns oficios que se realizan “coas maus”⁹. Este intento de delimitación é importante por canto nos posibilita saber como os membros do territorio obxecto de estudio se relacionan co medio asegurando por esta relación a reprodución dos produtos de subsistencia e a alimentación do grupo seguindo os ciclos anuais de traballo, e tamén como se suministran por medio do colectivo de expertos artesáns os “bens de produción” necesarios para o desenvolvemento dos “oficios da natureza” así coma as casas, pontes, carros, mantas de lá, e demais bens de consumo duradeiro¹⁰. Tamén se debe observar, en segundo lugar, a división social do traballo, que aquí nos aparece asociada polo xeral ás relacións sociais da produción entre a nobreza eclesiástica (Mosteiros), os fidalgos e burgueses principais donos destas terras, e os campeciños que durante o Antigo Reximen as traballaron baixo o réxime de contratos forais, subforais ou asimildos, ou entre os caciques e campeciños nos tempos máis recentes que os informantes tamén din que houbo con abundancia. Esta división social de traballo veu sendo estrutural nos territorios abrangidos pola Riberira Sagrada global e ouresá en específico, e durante todo ese tempo que imperou so serviu para definir privilexios e enxendrar diferencias sociais, pero non para enxendrar procesos de produción específicos no interior dos grupos locais, posibilitadores dun progreso técnico e social. En consecuencia, ó non atopar posibilidades de cambiala situación mediante a introducción de novas formas de reprodución material do grupo, unha gran masa de campeciños destas comunidades rurais decidiránse por cambiar eles mesmos de situación acudindo sobre todo á emigración estacional (segas a Castela, vendimas, traballo asalariado nas cidades industriais, ou á práctica dalgún oficio e actividade ambulante que os dotara dun complemento económico co que contribuír a escaseza económica do

⁸ ZARCA: B.: “Artesanat et trajectoires sociales”, en: *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*. Nº 29 (1979) 3-26. Páx. 4.

⁹ RISCO, V.: “Estudio etnográfico da terra de Melide”, en: VARIOS: Galicia. *Terra de Melide*. Seminario de Estudos Galegos. Compostela (2ª edición en Edicións do Castro. Sada (A Coruña), 1978). Páx. 401.

¹⁰ Cfr. OLIVER DE SARDAN, J.-P.: “Metiers Manuels: Division du travail...”, o.c., páx. 394.

fogar, o que tamén veu acontecendo a miúdo entre a poboación masculina da zona.

Por último, tamén a división social do saber é preciso que sexa identificada. Trátase, neste caso, dunha división que a miúdo recorta a división social do traballo, e que desborda amplamente as soas categorías da división técnica (oficios artesáns) aínda que sexa moi variada, pois teñen cabida neste sector, ó lado dos oficios manuais, as habilidades e saberes dos demais representantes do saber “oficial” coma os curas, monxes, mestres, médicos, veterinarios, e tamén os curandeiros, “sabias”, bruxas, e demais ‘expertos en algo’ cos que contan estas comunidades rurais da Ribeira sacra ourensá. Certo que neste ámbito da división social do saber é difícil ás veces distinguir o saber “técnico” (soporte material da habilidade), do saber “simbólico” (contido máxico, relixioso da mesma,) pois como é sabido, en calquera ritual profiláctico dunha “sabia” galega pode aparecer todo un soporte técnico que reside na manipulación de obxectos materiais, ou de signos (fórmulas, palabras, rezos, etc.) que simultaneamente remiten ó mundo simbólico. Con todo, todas estas modalidades do saber – saberes técnicos, sociais, simbólicos – integráanse no marco dese saber social xeral e complexo que aparece distribuído entre os membros de calquera comunidade ou grupo humano residente nun sector de provincia ou rexional onde se trate de estudiala súa pluriactividade campesiña.

IV – MODELO PARA EFECTUAR UNHA CATALOGACIÓN DAS HABILIDADES TÉCNICAS DOS CAMPESIÑOS DA RIBEIRA SACRA OURENSÁ

Os conceptos e a delimitación xeral que acabamos de facer do saber global que aparece distribuído no seo dos grupos campesiños, como o sometido á nosa observación, veñen a constituír a base sobre a que se fundamenta o seguinte modelo de identificación dos saberes naturais – habilidades artesans, sociais e simbólicas – que obxetivan os campesiños da Ribeira sacra ourensá. Trátase dun modelo de clasificación que é capaz de abranguer contextualizadas tódalas modalidades do saberes técnicos (división técnica do traballo) e sociais (división social do traballo, e do saber) dunha comunidade campesiña dada ou dun sector da mesma. Na súa elaboración tiveren en conta ademais da división técnica e social sinalada máis enriba, a

natureza das relacións que os ‘expertos’ establecen cos materiais que utilizan na práctica obxectiva daquelas habilidades técnicas, sociais e simbólicas que desenvolven.

En base ós referidos presupostos velaí os variados oficios e habilidades técnicas que se integran na división técnica do saber dos campesiños deste sector da Ribeira Sacra. Ademais de todos aqueles saberes e habilidades que detentan a gran masa da poboación xeral da zona, que aparecen vencellados coa práctica da referida modalidade de produción agropecuaria, desenvolvida dacordo coa división sexual de traballo secularmente admitida na zona, aparecen os seguintes “saberes” e “habilidades técnicas” que dententan estes campesiños, a saber:

a) Diferentes saberes e habilidades técnicas vencellados á utilización da pedra, arxela, terra e outros minerais, das que son expoñentes os oficios artesáns relacionados coa construción das edificacións campesiñas e arquitectura popular da Ribeira Sacra (canteiros, picapedreiros), os tellados (telleiros), os utensilios e pezas de barro (oleiros), e tamén co seu arranxo (cantorleiros) que esta terra deu abondo.

b) Diferentes saberes e habilidades técnicas vencelladas á utilización e transformación da madeira, que se estruturan arredor dunha segunda familia de oficios artesáns e habilidades tradicionais entre os que se atopan os carpinteiros e demais especialidades da manipulación da madeira, que é posible atopalos na zona coma por exemplo os relacionados coa súa merca e revenda (madeireiros), co aserrado da mesma (aserranchís) para empregala na construción das edificacións, a moblaxe doméstico e apeiros de labranza, coa construción de ca carros do país (frageiros), do calzado de madeira (zoqueiros de zocas e zocos), dos cribos e peneiras (peneireiros), etc.

c) Diferentes saberes e habilidades técnicas vencelladas á fabricación de útiles a partir do ferro e outros metais, e á súa reparación, que integran unha extensa familia de oficios entre os que sobresaen entre os paisanos destas aldeas, as dos ferreiros, ferradores, cantorleiros e afiadores ambulantes que saen gañala vida polo mundo remendando os utensilios domésticos e quitando punta e fio ós instrumentos cortantes.

d) Diferentes saberes e habilidades técnicas ligados ó emprego de peles e coiros que posúen os curtidores de peles, e, sobre todo, os

zapateiros de portal, os albardeiros sedentarios e ambulantes que deron algunhas aldeas desta zona rural ourensá.

e) Diferentes saberes e habilidades técnicas ligadas ás fibras textís, que constitúen de feito unha familia de oficios artesáns e habilidades tradicionais moi variados, entre os que sobresaen as tecedeiras donas dos teares artesáns existentes na zona, as fiandeiras, costureiras e xastres ambulantes e sedentarios da Ribeira Sacra ourensá.

A continuación situaríanse os saberes e habilidades que se inclúen dentro do que demos en chamar a división social do traballo e do saber, que tamén viñeron sendo desenvolvidos – moitos aínda o son –, por expertos de moi diferente tipo da zona de estudo. Neste sector, igualmente amplo, destácanse os seguintes saberes e habilidades que detantan estes cidadáns ourensáns, a saber:

a) Diferentes saberes e habilidades vencellados á transformación e fabricación dos produtos, que se elaboran a partir das materias primas provenientes da agricultura, que se atopan entre outros nos diferentes colectivos de vendimadores, seitueiros, castañeiros, alambiqueiros, panadeiros, etc.

b) Diferentes saberes e habilidades vencellados á extracción e manipulación dos produtos procedentes da gandería, como poden ser os desenvolvidos polas personas que tratan no transporte e venda do leite (leiteiras), na compra e venda dos animais domésticos (feirantes), na castración ou capadura dos mesmos (capadores), na preparación e venda da carne da cortaduría (carniceiros), etc.

c) Diferentes saberes e habilidades vencellados coa extracción de materiais e de pescado dos ríos que atravesan a Ribeira Sagrada, como os que presentan os adicados extracción de area e graba, á pesca de anguías, troitas e peixes nas augas dos ríos Miño e Sil, ou ó transporte de xente e dos animais (barqueiros de río) dun lado ó outro destes ríos.

d) Diferentes saberes e habilidades vencellados coa distribución e consumo de produtos diferentes, que atopamos distribuídos entre os diferentes comerciantes, taberneiros, barquilleiros e quincalleiros ambulantes, veleiros, etc.

e) Diferentes saberes e habilidades vencellados coa reprodución da cultura oficial e popular, que aparece depositada nos mestres, escribanos, contadores de historias (cegos, outros...) que existiron nesta zona rural ourensá.

f) Diferentes saberes e habilidades tradicionais vencellados coa prevención e tratamento das enfermidades e males, entre os que destacan os médicos de pobo, curandeiros, menciñeiros, bruxos, meigas, 'sabias', e as demais persoas 'entendidas' portadoras de saberes que coma as citadas contribuíron a autarquía comunitaria destes grupos de campeciños ourensáns.

g) Diferentes saberes e habilidades tradicionais vencellados coa relixión oficial e popular dos que son depositarios sobresaíntes, os curas, sacristáns, os ensalmadores, 'sabias' e os 'santóns' de que dispoñen as aldeas desta area marxinal e marxinada da Galicia interior.

V – ESTUDIO ANALÍTICO DUN COLECTIVO ARTESÁN: OS AFIADORES AMBULANTES ORIUNDOS DA RIBEIRA SACRA OURENSANA

Así delimitado o conxunto complexo dos saberes e habilidades técnicas destes campeciños ourensáns, quedamos aínda por amosar como se pode acometelo estudio dun sector calquera dos mesmos, ou duns sectores de habilidades e saberes relacionados que estos paisanos desenvolven no interior ou por fóra da propia localidade natal. Unha empresa deste tipo implicar, en principio, profundizar no coñecemento dos membros do sector que desenvolven – desenvolveron – tales actividades e tratar de recabar deles o maior número de datos de campo posibles.

En relación con esta cuestión, velaí na taboa I, unha mostra dos afiadores e outros campeciños que exercen unha actividade ambulante, recabada nos concellos rurais que se citan con presenza na Ribeira Sagrada ourensana. Este colectivo de campeciños ambulantes vainos proporcionalos datos necesarios que a partir de agora se utilicen nos comentarios e análises que fagamos.

TABOA I

DISTRIBUCIÓN DOS INFORMANTES DA MOSTRA NOS CONCELLOS OBSERVADOS DA RIBEIRA SAGRADA OURENSANA IDENTIFICACIÓN DOS CONCELLOS MOSTREADOS

Identificación do ofício	Castro Caldelas	Esgos	Nogueira de Ramuín	Pereiro de Aguiar	TOTAL DO OFÍCIO
--------------------------	-----------------	-------	--------------------	-------------------	-----------------

Afiadores ou Paraugueiros	13	17	86	16	132
Quioncalleros	6	19	29	3	57
Peneireiros	0	4	1	2	7
Albardeiros	0	21	1	2	24
Cordeiros	0	0	3	1	4
TOTAIS	19	61	120	24	224

Fuente: Elaboración propia a partir de datos recopilados nos concellos citados.

Limitándonos soamente os afiadores da mostra, que van ser obxecto do noso estudo, foi sin duda algunha no Concello de Nogueira de Ramuín onde se deu a oportunidade de trabar coñecemento co maior número deles, seguido moi de lonxe dos de Esgos, Pereiro de Aguiar e Castro Caldelas. Considerando os dos catro municipios da mostra, constitúen un colectivo de 132 profesionais do afiado que debemos considerar, como xa sulíñei, non só en tanto posuidores dunha habilidade técnica artesanal, é dicir, na variable tecnolóxica, senón, ademáis, nas relacións que estos profesionais mantiveron – algúns aínda manteñen – coas persoas ás que serven e co sistema de cultura da sociedade que os demanda e xustifica. Todos estes diferentes aspectos son os que en principio se nos presentan coma unha necesidade científica a satisfacer por quenquera que trate de investigar este oficio artesán.

A) OS ASPECTOS TECNOLÓXICOS DO OFICIO DE AFIADOR:

Achegámonos, pois, ó estudio desta vella habilidade manual observando os aspectos tecnolóxicos do oficio no que aparecen implicados: a) O estudio da Roda de afiar seu instrumento de traballo típico, b) o da Habilidade técnica que poñen en práctica no desenvolvemento do traballo, e c) o estudio do Persoaxe ou afiador mesmo mentres permanece nos espazos de acción profesional.

a) As Rodas de afiar destes afiadores foron variando ó longo do tempo para mellor adaptarse ós gustos persoais destes profesionais. A mais antiga 'Roda de afiar' que os informantes coñecen é a Tarazana¹¹

¹¹ "Tarazana": Vocábulo de "o Barallete", xerga propia do colectivo de afiadores e demais campesiños ambulantes procedentes da Ribeira sagrada ourensana, que significa "Roda de afiar".

portátil. Trátase dunha arcaica roda de afiar que os máis vellos afiadores da Ribeira Sacra transportaron ó lombo dun lugar a outro de traballo. Aparece vencellada a un antigo colectivo de afiadores ambulantes xa falecidos que os informates evocan co nome de *Afiadores Lexendarios*. Quédalles a honra de ser eles quen introduciron a arcaica "Tarazana" nesta zona rural cando algún deixou depositada unha nun taller de carpintería sito no asentamento rural de "Liñares" (Loña do Monte. Nogueira de Ramuín) para ser reparada. Os operarios do "Taller de Liñares" fan unha copia do arcaico instrumento, e é a partir desa "maqueta" que inauguran a construción das "vellas Tarazanas", e da mais habitual Roda de Afiar tradicional que aparece como unha consecuencia das transformacións operadas polos carpinteiros do taller citado sobre a arcaica "Tarazana" (roda de afiar) portátil. Consiste éste novo modelo de instrumento, tal como o describe X. Lorenzo, nun "armadillo de madeira que leva unha roda de catorce ou de dezaseis raios, de un metro de diámetro e que se pon en movemento por medio dun pedal articulado ó eixo cunha vara. O movemento desa roda pasa, por unha correa sen fin, a outra roda pequena que vai na parte outa do aparello e que fai xirar un eixo no que van a pedra de afiar e o esmeril, os dous circulares. Cando a roda non traballa, quítase a correa, cóllese polas patas traseiras e bótase cara adiante, deitándoa cara ó fronte, por onde asoma a roda, que pón no chan, e sobor da que roda toda a máquina, converténdose así nun vehículo lixeiro e doado de levar"¹², arrastrándoa diante sí dun lugar a outro de traballo. Anque aínda é usado hoxe por algúns afiadores oriúndos da Ribeira Sacra ourensá, este modelo de Roda de afiar constitúe o instrumento de traballo mais xeneralizado entre os grupos de afiadores ambulantes que se coñecen como os *Vellos Naceiros*¹³, dos que tampouco quedan representantes vivos na actualidade. No principio encargáronse da súa construción os carpinteiros do citado taller de Liñares, que foron quens a inventaron fai non menos de 160 anos. Pero moi pronto se foi difundindo a técnica da construción a través dos operarios do taller de Liñares que se independizan e instalan dentro e fora da Ribera Sacra os seus talleres de

¹² LORENZO FERNANDEZ, X.: *Os Oficios*. Ed. Galaxia, Vigo. 1983. Páx. 144.

¹³ "Naceiro": Vocablo da xerga "O barallete", que sinifica: "Patrón", "mestre" afiador.

carpintería¹⁴. A partir do primeiro cuarto deste século este modelo de Roda de afiar sufrirá unha desigual competencia cún novo vehículo de afiar mais moderno e práctico para os mais novos profesionais do afiado; trátase das Bicicletas con esmeriles e pulidores instalados no cadro; este modelo xeneralizarase entre un colectivo de afiadores ó que se alude, por veces, co nome de *Novos Naceiros*. Coa entrada en escea deste máis moderno 'vehículoinstrumento', invirtirase a relación que tiña establecido o profesional co utensilio de traballo básico. Desde agora deixa de selo profesional o encargado de transportalo instrumento que usa para afiar e empeza a ser éste o que transporte, a maior parte do camiño, ó profesional además de servirle para desenvolver mais cómodamente o traballo. Pero decontado estas "bicicletas profesionais" empezaron a soportala nova competencia das máis modernas "motocicletas con esmeriles", pulidores, además de dous caixóns para metelas ferramentas perfectamente instalados no vehículo. A avanzada máquina de afiar se asocia cúnos novos grupos de profesionais ós que se alude como os *Ultimos Mutilos*¹⁵, porque os compoñentes deste grupo tendo recibido as técnicas e segredos de oficio do colectivo dos "novos naceiros" que lles precede, eles non as poden transmitir a unha nova xeneración de aprendices dispostos a continuar con esta tradición artesá. Xa na actualidade, ó tempo que os afiadores activos seguen utilizando tódolos modelos descritos, agás a "tarazana" portátil, se empeza a xeneralizar un novo vehículo profesinal. Trátase do Coche Taller de afiado que o afiador utiliza como medio de transporte por unha ampla area xeografica que él escolle como zona de traballo, e para levar perfectamente instalado, no seu interior, un auténtico "taller de afiado" coas ferramentas e materiais necesarios para o desenvolvemento adecuado a especialidade.

b) A habilidade técnica profesional recíbea o afiador ambulante no decurso dun proceso de aprendizaxe do oficio artesán. Durante ese

¹⁴ Unha visión mais ampla da difusión da Roda de Afiar entre os afiadores desta zona de Galicia, da aparición e conservación ata a actualidade da técnica de construción do instrumento clásico de traballo, das súas transformacións e conversión noutros modelos, etc., aparece no meu traballo sobre *O Afiador*. Cfr. FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: *O Afiador*. Ed. Ir Indo, Vigo, 1992. Para o tema aludido, cfr. sobre todo as páxs. 129-169.

¹⁵ "Mutilo": vocablo da xerga " O Barallete", que significa: "Aprendiz" (de afiador), "criado".



proceso o futuro afiador non se limita só a adquerilo manexo das habilidades técnicas específicas da especialidade, senón o da xerga propia deste colectivo artesán e tamén a asimilación do sistema de normas, valores e símbolos que caracterizan o modo de vida e traballo deste colectivo profesional ambulante. Segundo os datos de campo que dispoñemos, todos estes aspectos do oficio íanos “agarrando”, os “mutilos” dun modo gradual ó longo dun proceso que de non ter crebas por ingreso no servizo militar, casamento, posibilidades de emprego, gañas de separarse do amo, ou por algún outro motivo de abandono, seguiría as fases de aprendizaxe seguintes:

* Unha fase de incorporación ó oficio na que a ocupación principal dos “mutilos” é a de ir pedindo comida e utensilios para reparar polas casas dos clientes. Cando voltan cos utensilios ó espazo onde se atopa instalado o taller provisional limitáranse a mirar como traballa o patrón ou algún compañeiro xa iniciado na habilidade.

* Unha segunda fase de primeiros ensaios durante a que se lle deixan recompoñer algúns útiles de moi fácil recomposición, algúns paraugas, e outros.

* Unha terceira fase na que os “mutilos” xa ensaian técnicas mais complexas de recomposición de obxectos de follalata, barro, útiles de punta e fío, etc., tentando suplir ó “naceiro” naqueles traballos que non requiren dunha técnica elaborada, como por exemplo aquela que require a reparación das “navallas de afeitar”.

* Unha cuarta fase na que os “mutilos” xa son capaces de facer tódolos traballos que presentan os clientes, suplindo case en todo ó “naceiro”, que se limita a dar un ‘toque’ persoal a algún deles que considera perfeccionáble, para mellor demostrar nestes actos que aínda é él o mais experimentado dos compoñentes do microgrupo profesional.

* A partir dagoira o “mutilo” se atopa suficientemente preparado para seguir so o oficio, pero algunhas veces non o fará esperando o retiro do “naceiro” para quedarse coa Roda e a zona que antes frecuentaron xuntos os dous. Sempre que así suceda, o vello afiador seguirá dando consellos ó novo ata que lle pasa “segredo do oficio”, que ven a selo selo distintivo polo que se diferencian os seus traballos dos demais que fan os outros profesionais do sector, e polo que adquire o recoñecemento e fama entre os paisanos da súa area de acción profesional.



Cando un “mutilo” conclue as fases deste proceso global de aprendizaxe do oficio e sigue na práctica da habilidade longas tempadas como un afiador independente, pode chegar a acadar un nivel de destreza no traballo, de estilo e de ritmo adecuados en cada traballo que fai, de xestos expresivos de agrado ou desagrado mentres desenvolve un traballo, que o converten non nun artesán calqueira, nin nun robot que traballa coa enerxía que xenera senón nun auténtico experto con ribetes de artista. Tal como apostilaba con énfase este informate, nestes casos, “o afiador non desenvolve un oficio; eso fano os carpinteiros, albañeis ou mecánicos. O que fai o afiador é unha arte; unha arte de verdade. Unha arte quenon foi estudiado senón acabado pola experiencia que vai acadando o home á par dos instrumentos que arranxa..., porque aquí nada vai en cadea, nada sae por un carril. Todo vai polo pulso equilibrado e polo cerebro que nos fai pensar”¹⁶. Polo demais, as informacións deste tipo que recollemos dos informantes, nos remiten a un moi interesante tema ben pouco estudado polos científicos sociais; o relativo á oposición entre os dous modelos habituais de transmisión do saber que predominan aínda hoxe na sociedade actual. Dun lado está a transmisión do saber que se fai dun modo formal, codificado, programado, que é a levada a cabo polas institucións do ensino oficial mediante programas explícitos de transmisión verbal dos principios fundamentais dos coñecementos e técnicas especializadas, e do outro esta transmisión do saber, contraposta á anterior, na que a que aparece contraposta a estes outros modos de transmisión do saber é feita por medio dunha aprendizaxe informal, baseado no contacto e na convivencia co experto e que é adquerido por demostración e pola práctica no desenvolvemento da actividade. Ambos modelos de transmisión de coñecementos seguen a constituir o principal criterio diferenciador entre o artesán e o técnico, o aprendiz dun oficio e o estudante dunha especialidade, entre o modelo “formal” do aprendizaxe académico e o modelo “informal” propio da aprendizaxe popular. A diferenza do que ocorre co ensino e aprendizaxe dos saberes “oficiais”, na adquisición destas habilidades técnicas polos artesáns ourensáns todo parece ocorrer como se houbera unha ausencia de comunicación por explicación. Ós “mutilos” case nada selles dí; son eles mesmos os que

¹⁶ Información do afiador ambulante D. Julio Rodríguez. 69 nos, dada en Vilouriz (Nogueira de Ramuín) en Xullo de 1989.



o fan case todo, primeiro observando como traballan os outros, despois practicando eles cada vez un pouco mais. Claude Boisenat xa constataba isto mesmo con relación ó aprendizaxe do oficio de Alambiquiero en Fouguerolles (Francia)¹⁷, e tamén R. Lioger se estranaba no estudio que fai do oficio dos "lamineros de Syan" (Francia), de que alí todo ocorra como se o sistema de aprendizaxe da técnica fose insensible, interna, e que soio bástase, como lle constata un lamineiro, "observar e facer"¹⁸. Polo demáis, se pode decir tamén que entre os nosos artesáns, ese aprendizaxe "informal" que por exemplo levaron a cabo os campesiños canteiros, carpinteiros, ferreiros, zoqueiros, zapateiros, xastres, costureiras, e sobre todo estes afiadores, albardeiros, cordeiros e outros ambulantes da Ribeira Sagrada, non so abregue unha adquisición das actitudes e aptitudes mentais particulares de cada oficio, isto é, a capacidade para prever as reaccións da materia, as aptitudes para conxeturar as características da materia, etc., senón ademáis, a adquisición dun conxunto de saberes que desbordan o marco estrito das técnicas de traballo para mesturar íntimamente coa aprendizaxe da cultura cotiá da profesión.

Na transmisión do oficio que nos ocupa, ademais da transmisión informal da habilidade técnica específica, están implicados a asimilación das propias formas de retención dos saberes dos afiadores e os propios rituais da profesión, pois a adquisición dun oficio, a miúdo "repousa sobre un conxunto de prescricións sociais, e sobre todo sobre da apropiación social dos saberes"¹⁹. Nos traballos etnográficos relativos ós oficios artesáns galegos, se recollen datos sobre estas maneiras particulares de retención dos saberes que teñen, en particular os "Telleiros" de Tuy e norte de Portugal, os "Cesteiros" de Mondariz, os "Canteiros" de Foracarey e pontevedreses en xegral, os "Afiadores" (quincallieiros, peneireiros, cordeiros...) ourensáns. Todos estes colectivos de profesionais utilizan unhas xergas específicas para comunicarenses capaces de impedir ós non iniciados o acceso ó seu

¹⁷ Cfr. BOUSENAT, C.: *Destiller à Fouguerolles*. Besançon, Cêtre, 1991.

¹⁸ LIOGER, R.: "Le Savoir-faire des lamineurs de Syam", en: *Rapport au Conseil du Patrimoine ethnologique*, 1988. Páx. 81.

¹⁹ CHEVALIER, D. / CHIVA, I.: "L'introuvable objet de la transmission", en: CHEVALIER, D.: *Savoir faire et pouvoir transmettre*. Éditions de la Maison des sciences de l'homme, Paris, 1991. Pág. 5.

saber. Pero a transmisión dos saberes tamén aparece unida, ás veces, a úns modos de reprodución ou devolución do emprego. Así se explica que algunhos oficios se transmitan soamente ós familiares tal como soía ocorrer cos reloxeiros e outros. Aínda que a maioría son mais abertos, o certo é que a transmisión de calquera oficio implica sempre unha impregnación lenta e progresiva das habilidades e cultura do oficio, que os neófitos van adquirindo sin apenas darse conta. O longo deste proceso se van asimilando – “agarrando” foi a palabra empregada polos meus informantes – no só os aspectos técnicos necesarios para o desenvolvemento da especialidade, senon ademais a xestualidade do oficio, a xerarquía que ten cada membro dentro do microgrupo ou taller artesán e tamén dentro do conxunto das actividades artesanais en xeral, o sistema de normas, valores, símbolos, e outros segmentos da cultura de oficio propios do sector de actividade e do meio no que se ten por costume desenvolvea.

c) A imaxe física do afiadador ambulante constitúe o terceiro elemento integrante do oficio enfocado desde a súa dimensión tecnolóxica, pois é o ‘experto’ afiadador quen materializa a habilidade técnica sobre o instrumento de traballo. Cando se observa facelo na rúa en tanto que espacio propio do desenvolvemento da actividade, apreciase o seu aspecto típico que o fai un persoaxe en todas partes peculiar. Variados cronistas, poetas, grabadores, pintores, escultores deixáronnos constancia desa imaxe física que veñen ofrecendo en documentos de moi diferente natureza. Desde o século XVII á lo menos, estes observadores constatan esa imaxe do afiadador galego, que observan na rúa e prazas de cidades e vilas mentres realiza o traballo. O pintor Antonio Puga é un dos primeiros que nolo constata, xa no século XVII, traballando na rúa; e no século XVIII o valenciano Antonio Casanovas reproducéoo ó lado dunha dona que semella entreagarlle un utensilio para reparar. Despois, no principio do século XIX, recollerano en Madrid F. de Goya nun retrato de 1808–1812, e Manuel Godiño en Lisboa no ano 1809, e tamén o fará F. Guisasola perto do remate do século nun debuxo de 1880. Xa no actual século XX será observado por moitos admiradores que se inspiran nél para as súas obras. A. Portela recolleuno nun debuxo de 1906, e Manuel Torres mostra noutro debuxo toda a expresividade e carga anímica deste humilde profesional. O lado deles, un nutrido grupo de observadores moi diversos entre os que cabe citar Luís Seoane, Faílde, Xosé Cid, García Buciños, Florencio de Arboiro, e outra longa serie de poetas,

literatos, escultores, pintores, ceramistas, artesáns, se ocupan dél nas súas obras artísticas e literarias²⁰. Desta imaxe física se configura entre a xente unha imaxe social, cunhas connotacións moi propias que constituirán un bon segmento do sistema de cultura de oficio que os profesionais exhiben nos enclaves de acción profesional.

B) OS ASPECTOS SOCIAIS DO OFICIO DE AFIADOR: O PROFESIONAL NA SOCIEDADE A QUE SERVE:

Os membros do colectivo de afiadores informantes traballaron por Galicia, por toda España, Portugal ou por calquer país de hispanoamérica. Entre os que desenvolveron o oficio percorrendo España e Portugal, non todos tiñan as mesmas preferencias en relación coas áreas xeográficas onde ir desenvolvela habilidade artesá. Aínda que estes afiadores ambulantes visitaron tódolos recunchos dos países citados e se atreven con tódolos traballos, non manifestando nunca ós clientes que non sabían reparar un obxecto por raro que fora, sen embargo, os datos de campo dispoñibles dan pé para dicir que entre os afiadores oriundos da Ribeira Sacra ourensá, os que viñan do concello de Castro Caldelas e dos arredores prefiren visitar o que poderíamos chamar a 'Iberia Seca', é dicir, traballar polas zonas do centro e sur peninsular. Asocian á habilidade de afiador de todo tipo de obxectos de corte e fío, as de 'capador' de gatos e vendedor de algúns obxectos de droguería e vistería, sempre como fórmulas encamiñadas a maximizar as saídas profesionais. Pola contra, os afiadores procedentes dos concellos de Nogueira de Ramuín, Esgos e das aldeas da redonda viñeron mostrando unha maior inclinación por traballar a 'Iberia humenda', isto é, desde o centro ó norte peninsular, e por vencellar á habilidade de afiador as de "paraugueiro" e "lañador" polo mesmo motivo de rentabilizalas saídas de traballo.

Pero na práctica diaria do oficio estes grandes espacios de acción van ser, polo xeral, divididos nuns sectores máis reducidos que son sobre os que a maioría dos afiadores desenvolven o traballo perante a saída estacional. Polo xeral, quen se introduce nunha destas zonas procurará darse a coñecer e que o recoñezan cada vez que visita un

²⁰ O interesado pode obter unha visión mais completa da imaxe física deste oficio en: FIDALGO SANTAMARIÑA, X. A.: *O Afiador*. o.c., páxs. 39-84.

poboado. Cando o consegue o mais probable e que a siga frecuentando cada ano deixando desde agora de interesarse polas demais.

Con todo, nos aparecen unha gran variedade de fórmulas no modo de desenrolaren os afiadores os seus percorridos das áreas de acción profesional. Velaí unha síntese das mesmas que se podería ofrecer:

a) Afiadores que non se preocuparon por dar un rumbo fixo ás saídas profesionais, nin tampouco de deixar definida unha data concreta de retorno ó fogar familiar do que saíron. Os seus percorridos de traballo son de tipo pendular cunha primeira fase de alongamento do punto de partida e a outra de achegamento a él. Neste tipo de saídas pódese investir máis ou menos tempo segundo a distancia do circuito percorrido, podendo ir dende unhas semanas deica anos de ausencia do lugar de partida.

b) Outros afiadores prefiren ofrecelos servicios sobor dun sector especial máis ou menos amplo no que un día se introduciron e viron posibilidades de traballo. Percórrenos cada vez desde algúnha vila na que deixan reservada cama, lavanlle a roupa, e aproveitan a volta á fonda para cambiarse e descansar algún día antes de voltar ó traballo.

c) Un terceiro grupo de afiadores sería aquél que optou por quedarse a desenvolver traballo nun determinado nucleo urbán e os arredores, ou polos barrios dunha cidade de provincia a onde chegou un día e votou raíces. Presentan unha área de acción reducida que lles permite facer unha vida semisedentaria ó principio, e despois sedentaria cando deciden instalar un taller de afiado nalgunha das rúas e levar para alí a familia. Son os afiadores que atopamos polas cidades de provincia de España e Portugal que convertiron a antiga área de traballo en área de influencia do oficio artesán que chegaron practicando.

A calidade de vida sobor das áreas de acción profesional destes artesáns ambulantes adquire uns rasgos especiais que tamén é preciso suliñar. Transportados temporalmente en calquera comarca, ou cidade de provincia española, portuguesa, ou hispanoamericana, a súa modalidade de existencia e traballo nas rúas aparece como un contínuo combate contra as carencias de todo tipo que caracterizan a vida destes humildes artesáns. Trátase dúns profesionais considerados á miúdo polos membros das comunidades que visitan como pertencentes ó amplo colectivo de desherdados da fortuna, de xente de paso – xunto ós pobres, xitanos, etc. – na que un non debe confiar.

Esa tendencia dos grupos locais a descalificar todo aquilo que se presenta alleo a eles, é, sabor de todo, as condicións en que se os mais vellos representantes do oficio desenvolvían o traballo nas rúas, que facían que este personaxe se presentase habitualmente cunha imaxe de desaliñado e suxo, contribuíron, sen dúbida, a creación duns xuízos pexorativos que se asocian á súa persoa, e á configuración dun estereotipo cultural de persoas dunhas cualidades intelectuais baixas, cúns valores morais debilitados, e das que un non se debía fiar²¹. Doutro lado, a súa modalidade de aloxamento nas areas de traballo, o habitual analfabetismo destes profesionais e outra serie de aspectos sobre a forma como viñan desenvolvendo a habilidade artesán, contribuíron a colocalos económica, social e culturalmente, formando parte do colectivo de 'desclasados' xunto ós mendigos, xitanos e demais profesionais da ambulancia cós que comparten espazos de traballo e conviven na mesma área de acción profesional.

Por parte do colectivo de afiadores, tamén eles perciben esa sociedade de acollida como un mundo agresivo e distante que só lles merece interés en tanto que depositaria dunha demanda de traballo que fai minimamente rentable a súa permanencia na mesma. Semellante a como o fai o cliente coa vida ambulante, tamén o afiador vive alleo ó ritmo de vida diario da localidade que frecuenta. A él só lle interesa a "mancha" (traballo) e "vivir do que lle dean" os clientes para " non utilizar do cobrado" polo traballo. Con todo, a expresión que mellor pode caracterizar o seu pequeno 'estatus' no seo das localidades de traballo é aquela do informante que dixo: "O afiador non é ninguén na zona onde traballa e por iso sempre volve á casa". Tratáse, pois, agás algunhas excepcións, de persoas carentes de estatus social entre os membros das localidades que visita.

Víctimas da sociedade de acollida, o seu sentimento de pertencia a un grupo externo e o seu sistema 'lórico' de vida son continuamente desprazados polos de alienación e desarraigo, que lles motiva continuas reaccións de defensa e de reivindicación da súa propia

²¹ O folclore popular contribúe moi sutilmente a reafirmar esta idea en coplas difundidas sobre a súa persoa, do tipo:

"Afiador andareiro
Que corres a terra toda
Non pares no meu portelo
Que non quero home de roda"

identidade de oficio, en especial, a través dunha peculiar linguaxe de oficio nomeada “o barallete”, da que estes artesáns se sirven para comunicarse mentres permanecen nese medio social agresivo e externo polo que desenvolven o oficio artesán.

Calificada agora polo colectivo de informantes da Ribeira Sacra como “unha curiosa fala que agora xa non se leva”, na época en que o colectivo destes profesionais da ambulancia foi mais nutrido, a xerga “o barallete” empregábase a cotío cós outros afiadores e ambulantes coñecidos (cordeiros, lañadores, quincalleiros...), nas pousadas, fondas e espacios de traballo compartidos nas áreas de acción profesional. Por outro lado, é aquí donde a xerga se converte nun verdadeiro referente identitario deste colectivo artesán, en tanto “signum” propio de afirmación da diferenza destes ambulantes e de afirmación pública da súa identidade diferenciada que exhiben fronte a sociedade externa que os rodea. Creado, perfeccionado, conservado e empregado por estes ambulantes ata as últimas décadas na transmisión da problemática propia da especialidade que cultivan, co “barallete” non só consiguen ocultala ós demais, senon sentirse e facerse concebir integrantes dun colectivo socioprofesional diferenciado da sociedade circundante. Sempre que se comunican no “barallete” os que o fan síntese, alí donde o fan, nun espacio vital novo, separado tanto da sociedade de acollida fronte á que o falan como da súa comunidade de procedencia na que non precisa empregalo. Trátase, pois, dun verdadeiro código secreto de comunicación interna reservado ós iniciados na práctica deste oficio, que viñeron utilizando como un verdadeiro mecanismo de illamento do exterior, e como a principal barreira de seguranza fronte a todo o alleo, para que mellor puideran cumprilo papel de mecanismo protector na loita destes profesionais pola vida fora das aldeas natis, e de “signum” de gremio, de clase, de casta, é dicir, de grupo socioprofesional particular e distinto.

C) OS ARTESÁNS E A ESTRUCTURA DA SOCIEDADE CAMPESIÑA TRADICIONAL: RAZON DA EXISTENCIA E SENTIDO CULTURAL DO OFICIO DE AFIADOR

Un novo aspecto que aparece como necesidade científica a estudar de cara a lograr unha comprensión global deste colectivo de artesáns, é o relativo a contextualización do oficio no sistema de cultura campesiña que o xerou e reproduciu no tempo ata hoxe. Limitándome a un mero deseño dos ragos que presenta o sistema de



cultura, débese dicir desta sociedade rural que orixinou e reproduciu tan nutrido colectivo de afiadores e outros profesionais ambulantes, que se distingue sobre todo por ser unha comunidade campesiña e probe, portadora dunha serie de rasgos tanto na estrutura do territorio como na do sistema socioeconómico tradicional, que estimularán ós xóvenes varóns a saír periódicamente por fora da zona a desenvolver algún tipo de habilidade ou de oficio artesán.

Desde o punto de vista espacial atopámonos cun territorio no que son as serras elevadas e os espazos inclutos mais cós vals cultivados das ribeiras e vocaribeiras dos ríos Miño e Sil, os que aparecen como anfiteatro de referencia espacial da Ribeira Sagrada ourensá.

Desde o punto de vista demográfico a Ribeira Sagrada aparecenos historicamente abondosamente poboada. Dunha observación xeral da evolución demográfica dos concellos que proporcionan a mostra constatada de afiadores informates se deduce un forte peso demográfico sempre presente, polo menos ata chegado o terceiro cuarto do presente século, que a bon seguro invitou á xente xoven destes concellos a saír polo mundo practicando este oficio ambulante que lles permite subsistir ou, tal como eles atestiguan, lles permite “gañalo pan”.

Tocante ó plano socioeconómico trátase dunha estrutura predominantemente agraropecuaria e autárquica, que aparece rexida polo sector de poboación mais ancián potenciador da perduranza dunhas formas de facer e uns valores dos que os mais xóvens sempre preferiron fuxir. Doutro lado, os rasgos tecnoeconómicos que viñeron caracterizando ás pequenas explotacións agrarias que presentan estes concellos, o acentuado minifundio das mesmas reflexado na Taboa II, e unha pequena cabaña gandeira que índa non se dou liberado do rol de suplir a carencia de equipamento mecanizado para o laboreo das explotacións, impediron sistemáticamente ós capesiños da Ribeira Sagrada ourensá ter traballo e alimentos para tódos durante todo o ano.

TABOA II

EXPLORACIÓNS CON TERRAS, NÚMERO DE PARCELAS POR EXPLORACIÓN E ÍNDICE DE PARCELACIÓN NOS CONCELLOS OBSERVADOS



NOME DOS MUNICIPIOS	NÚMERO DE EXPLOTACIÓN CON TERRA	NÚMERO DE PARCELAS	ÍNDICE DE PARCELACIÓN
C. Caldelas	1.113	13.597	12.327
Esgos	503	5.452	10.838
N. Ramuín	1.424	14.782	10.38
P. Aguiar	2.294	19.882	8.666

Fuente: Elaboración propia a partir de INE: "Resultados comarcais e municipais", en: *Censo Agrario de España, 1982*. T. IV. Madrid, 1984. Páxs. 57-58.

Trátase, doutra parte, dunhas explotacións centradas nun policultivo agrario sobre a base de produción de cereais (centeo, trigo, mainzo), tubérculos, vide, algo de hortalizas e legumes para alimento das xente e dos animais, e na dotación dunha cabaña gandeira escasa centrada nun número sempre reducido de cabezas de gando ovino polos montes, porcino no interior do fogar, e bovino nos pastos das ribeiras e bocaribeira dos que tampouco se recolle o suficiente para alimentala poboación asentada na zona.

Trátase, ademais, dunha area rural cunha estrutura social caracterizada por unha modalidade de herdanza coñecida por "sistema de partillas" que obriga a dividila explotación, animais do fogar, e aínda o axuar en tantas partes iguais como herdeiros, o que lles impide tanto a posibilidade de continuar vivindo na casa por ter que compatila cos demais copropietarios, como a de creación dun novo fogar ó lado dada a reducida parte da explotación que poden dispoñer por herdanza. Esta circunstancia tamén se convertirá nun factor estimulativo da adopción de calquer oficio ou profesión ambulante que axude a vivir.

Se agora nos fixamos no modelo de educación que se reproduce no seo destas aldeas e unidades domésticas de pertencencia dos afiadores informantes, pronto se lle descubre a tendencia a inculcar ás xeracións máis xóvenes a necesidade de saír o mesmo que a de xustificalas saídas desde unhas idades moi temperáns. Doutro lado, este oficio de Afiador ou calquera outra actividade que se desenvolva dun modo ambulante, constitúen, nesta zona, o marco socioprofesional inmediato ó que os xóves poden acceder sen dificultade. Son os propios pais, tíos, irmáns maiores e outros familiares achegados, así como os veciños e coñecidos, quens fan de introductores na actividade ambulante ós xóves da zona que ingresan anualmente en cada

especialidade. Na compañía dos maiores éstos xóves labregos van aprendendo a arte do oficio e do modo de vida ambulante, mentres os sirven como unha especie de criados sen soldada.

Todos estes rasgos que vimos suliñando do sistema sociocultural tradicional da Ribeira sacra ourensá, veñen a constituir outros tantos factores estimulativos da adopción deste oficio ou dos outros consinados na zona, que desenvolveron até as últimas décadas unha gran masa de persoas oriundas da mesma, así como da permanente tendencia destes campesiños ourensáns a levar a cabo unhas migracións temporais índose dun lugar a outro entre o final e o principio das colleitas, úns a recompoñer os utensilio a empregar nas colleitas, outros a facelas segas a Castela, outros saíndo a comprar trapos e ferralla por fora da concello, outros indo a facer cordas polo interior ou redes nos portos de mar, !en fin! outros construír e reparalas clásicas monturas e os equipos de cabaleiro polas casas dos solicitantes de tales servizos. Trátase case sempre dunhas humildes profesións ambulantes que van desde a simple mendicidade polas zonas visitadas ata o comercio dun produto calquera, ou o ofrecemento dalgún servizo no que o campesiño ten experiencia. Outros parten a unhas migracións máis longas con chegada até os países estranxeiros sobre todo nos períodos de bon tempo facendo parte dalgún microgrupo de canteiros, picapedreiros, augadores, mozos de carga, criados, etc. que os ten levado perante unha boa parte do ano a traballar por fora da localidade natal. Tamén se deron migracións máis longas cás anteditas orientadas ó desenrolo de tarefas de servizo doméstico, que se operan sobre todo cara os centros urbáns das cidades de provincia de España e Portugal, pero tamen ós países de hispanoamérica, e con posterioridade ás áreas industriais de centroeuropa donde moitos destes campesiños da Ribeira Sacra continúan hoxe a traballar e a vivir. No caso destes últimos emigrantes o desenvolvemento das actividades que desenvolven require xa sea unha boa capacidade física (colectivo de obreiros da construción) ou intelixencia e intuicións naturais como a que amosan os comerciantes, rexidores de restaurantes, bares, comercios, etc. Polo demais, este conxunto de factores nomeados que incitaron á saída ó colectivo de afiadores obxecto deste estudo non son de natureza distinta daqueles que nomea o investigador A. Fel para os campesiños ambulantes

oriúndos das “terras altas do Macizo Central”²² francés, ou A. Pointrineao para os antigos camesiños das montañas francesas en xeral²³, que, debido a úns condicionamentos estruturais semellantes ós que aquí temos suliñado, tamén eles se viron obrigados a saír para ir desenvolver algún tipo de oficio por fora da súas comunidades natais.

Un último aspecto que quixera suliñar antes de rematalo meu comentario sobre este vello colectivo de experimentados Afiadores ourensáns, fai referencia a unha nova lectura que é posible facer do oficio, cando aparece así contextualizado dentro da estrutura do sistema sociocultural global da Galicia, e que nos proporciona as claves para descubri-lo significado cultural específico que é posible atribuír ó personaxe popular que desenvolve a actividade. A este respecto deberei suliñar, desde o principio, que a opinión persoal que os afiadores consultados conservaban tanto de sí mesmos en tanto que ambulantes como do oficio artesán que practicaron longo tempo, era a de considerarse, respecto deles como unhas persoas necesitadas sen outras posibilidades de escoller un traballo mellor perto do fogar; e con relación ó oficio de afiador, sempre o deixaron concebido como un “oficio humilde” ou como “un de tantos modos de gañarse o pan” dunha maneira moi “sacrificada e dura”, propia de “uns tempos mais difíciles cós actuais”.

Ben diferente desta concepción así de realista ofrecida por quens practican a actividade, é a que nos ofrecen deste oficio tanto a poboación xeral como o reducido sector dos escritores e demais persoas representantes da cultura ‘oficial’. Certamente, a pouco que un se fixe nos textos relativos a estes profesioanis que proveñen da literatura popular de tradición oral e nos que ofrecen os escritos da tradición literaria culta, decontado se detecta esa discrepancia notoria coa realidade descrita polos protagonistas. En principio, o personaxe servíralle a todos para proxectar en público, por medio das coplas populares que lle canta á persoa do Afiador, un profundo desexo de liberdade e de independencia ás que aspiran os cidadáns que

²² Cfr. FEL, A.: *Les Hautes terres du Massif Central. Tradition Paysanne et économie agricole*. Publicacións de la Faculté des Lettres e Sciences Humaines de Clermont-Ferrand, Clermont-Ferrand, 1962.

²³ Cfr. POINTRINAU, A.: *Remues d'hommes. Les migrations montagnar-des en France. 17e-18e siècle*. Paris, Éditions Aubier Montaigne, 1983.



o observan desde unha situación persoal sempre vencellada co traballo cotián na explotación agropoecuarria da que non poden ausentarse, ou cos horarios fixos duns empregos que teñen que desenvolver, ou mesmo coa propia estrutura familiar que lles ben neutralizando unha boa parte das súas iniciativas persoais. A bon seguro que é esta situación social e realidade psíquica dos individuos a que presentan a maioría das coplas que o pobo elabora e difunde sobre este popular personaxe da rúa, e o que fai ver na persoa do afiador a un auténtico ser libre e sen ataduras, e expoñente máximo do espírito de aventura e liberdade, que o chega manifestando ata os poboados máis alonxados da zona de traballo que visita empurrando o seu instrumento de traballo, a 'Roda de afiar', e portando a habilidade artesá na punta dos seus dedos.

Se agora nos paramos a observar nos textos da tradición literaria culta a maneira como os diferentes poetas e escritores se teñen ocupado deste personaxe nas súas composicións poéticas e escritos literarios, tamén se detecta neles unha semellante tendencia a difundir, tal como ocorre na literatura popular, esa visión positiva e idealizada do oficio de afiador cuns motivos e sentido cultural subxacentes é necesario descubrir.

Una das claves para identificalas principais razóns do porqué destas consideracións tan especiais que se difunden do afiador ambulante e ó significado cultural que se lles pode atribuír, consiste, ó meu xuízo, en enfocala análise das mesmas a partir desa antiga imaxe negativa de Galicia como pobo tipicamente rural e empobrecido, que todos estos profesionais da ambulancia galaica iban difundindo nas súas andainas estacionais polas moi variadas areas de traballo.

Esa situación do País galego á que apuntan durante séculos estes embaixadores culturais, que os obriga a ausentarse da "Terra" sen un rumbo definido dispostos a realizalos mais humildes traballos, fará meditar sobre todo ós nosos principais pensadores (poetas, escritores coñecidos e anónimos) ata dar cunha interpretación capaz de converter en positivo o que de negativo presenta a profesión, e de transformalos esforzos destes campesiños ambulantes nun rasgo de cultura étnico de tipo positivo e exportable ó mundo exterior. Así, o que trata de facela sociedade coa produción anónima de coplas e cantos sobre este personaxe popular é a elaboración desa lectura positiva do mesmo, atribuíndolle ós afiadores aquilo que conteñen de bon e definidor do noso común fondo étnico. É neste proceso reificador



casadesarmento

centro de estudos do património

que se opera destes humildes profesionales da ambulancia, que o noso protagonista se converte no principal alimentador da nova lectura. Os pensadores acuden e él para elaborala e espallar en tódalas direccións, polo seu medio, ese espírito de traballo e de sacrificio que sempre caracterizou esta poboación galega, e o orgullo manifesto que impide mendigar ós campesiños dentro das localidades de orixe económicamente débiles e abondosamente poboadas ata a actualidade. Ó tempo que se lle fai o expoñente máximo da ambulancia galaica, tamén se tratará de elevalo a un símbolo daquelas localidades rurais que mais teñen contribuído a manter viva esta especialidade artesá como teñen sido, sobre calquera outras, as do concello de Nogueira de Ramuín (Ourense) e, despois, de convertelo no símbolo dese espírito de aventura e de sacrificio que calquer emigrante galego debe conservar mentres se atope fora da comunidade, e desa actitude de apertura que una sociedade de emigrantes como a galega precisa atopar nas demais que visiten os seus membros demandando residencia e traballo. Nesta nova lectura aspirábase, por último, a erixir este oficio nun signo expresivo non só de ourensanismo, senón, incluso, de galeguide no senso de que cando a alguén oriundo de Galicia lle é dado contemplala imaxe física, real ou reproducida, dun afiadador da Ribeira Sacra ourensá, a bon seguro que esa persoa galega se aprestará a recoñecer nela a un expoñente xenuíno deste País galego no que recibe o ser.